


## FAIXA DE PROTECCIÓN DAS EDIFICACIÓNS EN ZONAS DE ALTO RISCO DE INCENDIO FORESTAL

Nas novas edificacións de uso residencial, comercial, industrial ou servizos, instalacións agrogandeiras ou forestais manterase unha faixa limpa ou rareada de 50 m.



## QUEN SON OS RESPONSABLES DA LIMPEZA DAS FAIXAS?

- Propietarios, arrendatarios, usufrutuarios ou titulares de leiras.
- Administracións, entidades ou sociedades encargadas das vías de comunicación e liñas eléctricas.

## CANDO DEBEMOS FACER ESTA LIMPEZA?

Antes do 31 de marzo de cada ano.

## NO CASO DE NON LIMPAR

A Consellería do Medio Rural ou o Concello notificará a obriga de comezar a limpeza antes de 15 días.

Se non se cumpre, o organismo competente:

- Ordenará os traballos de limpeza repercutindo os seus custos nos propietarios.
- Obrigará a que se lle facilite o acceso para o cumprimento subsidiario da limpeza.
- Iniciará o procedemento sancionador.
- No caso de incendio, limpará ou fará traballos preventivos nos predios sen autorización previa.

## TELÉFONOS DE INFORMACIÓN

DELEGACIÓNS PROVINCIAIS  
DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

A CORUÑA **981 18 45 33**

LUGO **982 29 45 27**

OURENSE **988 38 64 55**

PONTEVEDRA **986 80 54 58**

## PARA DAR ALARMA DE INCENDIO FORESTAL

Teléfono

# 085

Se a liña estivese ocupada  
pódese chamar ao teléfono

# 112

Para dar alarma de actividade incendiaria  
chamar á Garda Civil ao teléfono

# 062

TODAS ESTAS CHAMADAS SON GRATUÍTAS

SERIE DE TRÍPTICOS DIVULGATIVOS DA LEI 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais  
CAPÍTULO 3: REDES DE FAIXAS DE XESTIÓN DE BIOMASA E INCENDIOS FORESTAIS

 XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
Dirección Xeral de  
Montes e Industrias Forestais


 XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
Dirección Xeral de Investigación,  
Tecnoloxía e Formación Agroforestal

 medio rural

# REDES DE FAIXAS DE XESTIÓN DE BIOMASA E INCENDIOS FORESTAIS

(Lei 3/2007 de prevención de incendios forestais)

<http://mediorural.xunta.es>



## QUE É UNHA FAIXA DE XESTIÓN DE BIOMASA?

É unha franxa de terreo na que se controla o tipo e a altura da vexetación para previr o inicio dun lume, a súa propagación e os seus efectos.

As faixas de xestión de biomasa conforman redes primarias, secundarias e terciarias atendendo ás súas funcións.

TIPOS DE REDES	FUNCIONS			LOCALIZACIÓN
	Diminuír o percorrido dos grandes lumes	Protexer de forma pasiva infraestruturas, edificacións, equipamentos e áreas naturais de valor especial	Illar potenciais focos de inicio de lume	
Primarias	SI	SI	SI	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Terreos forestais en xeral</li> </ul>
Secundarias	-	SI	SI	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Infraestruturas viarias e eléctricas</li> <li>• Áreas de protección dos núcleos poboacionais e edificacións</li> </ul>
Terciarias	-	-	SI	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Apoiada sobre a rede viaria, eléctrica e divisións dos montes (devasas, outros usos, etc.)</li> </ul>

## REDES PRIMARIAS DE XESTIÓN DE BIOMASA

- Son franxas permanentes de terreo para facilitar a extinción dos grandes incendios.
- Estas redes serán definidas pola Consellería do Medio Rural tendo en conta:
  - A eficacia e seguranza na extinción.
  - O valor socioeconómico, paisaxístico e ecolóxico dos terreos forestais.
  - As características da paisaxe local.
  - Antecedentes de incendios na zona.
  - Actividades que nela se poidan desenvolver (pastos, labradíos...).



## REDES SECUNDARIAS

### Perímetro limpo do monte e dos núcleos poboacionais



### Beiras limpas das infraestruturas en toda a superficie de dominio público



### Liñas eléctricas

Nas liñas eléctricas limpar unha faixa de 5 metros dende as instalacións.